TILLEIRA

(*Tilia platyphyllos*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Teáceas
FAMILIA: Tiliáceas

Árbore de folla caediza, coa copa ampla, abombada e mesta que pode acadar os 30 m de altura.
É orixinaria do Sureste de Europa e Asia Menor.
As flores empréganse en infusións.

Flores de *Tilia tomentosa*.

Froitos de Tilleira
O rabo do froito leva unha bráctea laminar típica de forma oval-alongada que axuda á dispersión das sementes.

Tilleiras (*Tilia platyphyllos*) do Pazo de Oca. (A Estrada-Pontevedra).
Arredor de 50 exemplares de máis de 100 anos e ata 30 m de altura, dispostos en dúas fileiras.

Tilleiras prateadas (*Tilia tomentosa*) do mosteiro de Oseira (San Cristovo de Cea-Ourense).
Cinco exemplares, o máis grande de ata 26 m de altura. Foron plantados hai uns 70 anos.

PLÁTANO

(*Platanus acerifolia*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Hamamelidales
FAMILIA: Platanáceas

As follas son caedizas, simples e alternas e poden superar os 20 cmde lonxitude.

Árbore de copa ampla e alta que pode acadar os 50 m de altura co toro dereito e forte e a tona de cor verde-gris que se desprende en placas que deixan manchas de cor amarela crara. É un híbrido entre o platano occidental, orixinario do leste de Norteamérica e o oriental, orixinario do surleste de Europa. Medra rapidamente e soporta moi ben os ambientes das cidades e a contaminación. É unha das árbores máis comúns nos parques, á beira das estradas e rúas. En Galicia atópanse numerosos exemplares monumentais entre os que destacan os dos pazos de Mariñán, Dompiñor, Castrelos, Lourizán, Soutomaior ou Bazán, o paseo do Espolón en Padrón ou a praza de Azcárraga na Coruña.

As flores femininas e os froitos nacen en agrupacións esféricas que aparecen en ramiños.

Plátanos do Pazo Mariñán (Bergondo. A Coruña).
Foron plantados a finais do século XIX. Algúns exemplares acadan 50 m de altura. a case 6 m de perímetro troncal.

Plátanos do Pazo de Dompiñor (O Incio-Lugo).
O máis grande ten 46 m de altura.

Plátanos do Pazo de Castrelos. Os máis grande miden 46, 45 e 38 m de altura e máis de 5 m de perímetro troncal.

LIQUIDAMBAR

(*Liquidambar styraciflua*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE Hamamelidales:
FAMILIA: hammaelidáceas

As follas son palmeadas e no outono adquiren unha coración moi viva que vai do púrpura ao amarelo.

Árbore de orixe americana, que pode acadar 40 m de altura. A tona nas ponlas medra en forma de costelas de cortiza.

Froitos verdes

Liquidámbar do pazo de Torrecedeira (Redondela).
Acadan 35 m de altura.

CARPE

(*Carpinus betulus*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Betuláceas

Árbore que pode acadar os 30 m de altura.
É orixinario de Europa e do suroeste de Asia.
En Galicia non é moi común.
As follas son caedizas, simples, de forma ovada coa beira doblemente dentada e no outono adquiren unha cor amarela moi viva.

Os froitos son aquenios rodeados dunhas brácteas trilobuladas

Carpes do Pazo de Castrelos (Vigo).
Miden de 23 a 30 m de altura.

CARBALLO AMERICANO

(*Quercus rubra*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

As follas son caedizas, simples, de 10 a 25 cm de lonxitude, ovais, lobuladas e dentadas. Coloréanse vivamente no outono.

Árbore da familia das fagáceas que pode medir ata 25 m de altura, co toro dereito e forte e tona de cor gris prateada crara e con estrías. Os froitos (landras) tardan dous anos en completar o seu desenvolvemento.
É orixinaria do leste de América do Norte. Os exemplares máis grandes de Galicia atópanse nos pazos de Rubiáns (Vilagarcía), Torrepenelas (Portas) e xardíns do Castro (Vigo).

Carballo americano. O Castro (Vigo).

Carballo "fastiguiata" do Pazo de Santa Cruz de Rivadulla. Ten arredor de 150 anos e mide máis de 32 m de altura e 4 m de perímetro troncal. É unha variedade de carballo común que se caracteriza por ter as ponlas erguidas.